

## **BASES LEGAIS DO SORTEO DE NADAL DA ASOCIACIÓN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA CCA**

A asociación Comercio Punto Compostela CCA con domicilio en Rúa Nova de Abaixo, 4 e CIF G70571971, organiza dous sorteos promocionais de Nadal conforme ás seguintes bases.

Non poderán participar nesta campaña/sorteo as persoas traballadoras da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, nin familiares ata segundo grao dos mesmos, así como os titulares e empregados dos establecementos comerciais con tickets de compra dos seus propios negocios.

### **PRIMEIRO SORTEO:**

A promoción consiste na participación de toda a cidadanía (maior de 18 anos) mediante a publicación na súa conta de instagram dunha fotografía realizada cos elfos nun dos comercios pertencentes a Asociación Comercio Punto Compostela CCA, etiquetando obrigatoriamente a conta oficial que a Asociación Comercio Punto Compostela@**a\_comercio\_punto\_compostela**.

Os elfos, son pertencentes a Asociación que estarán polos comercios socios e Rúas facendo animación comercial e dinamizando a compra dos produtos de Nadal en ditos establecementos.

Sorteanse **dúas cestas de Nadal**, cada unha valorada en **250 €**.

- **Premio 1:** Foto que obteña o maior número de “likes” na súa publicación de Instagram.
- **Premio 2:** Foto seleccionada pola **xunta directiva da Asociación**, atendendo a criterios de creatividade, orixinalidade ou calidade estética.

Para participar deberanse cumprir todas as condicións seguintes:

1. Publicar en Instagram unha fotografía coa temática descrita.
2. Etiquetar obrigatoriamente a conta **@a\_comercio\_punto\_compostela**.
3. A conta participante deberá ser pública no momento da verificación.
4. Só se admitirá **unha fotografía por persoa**.

As fotografías poderán ser publicadas entre os días **16 e 23 de decembro, ambos incluídos**.

- A comprobación dos “likes” e a deliberación da xunta directiva realizaranse o **26 de decembro**.
- A Asociación porase en contacto cos gañadores o **venres 26** e o **luns 29 de decembro** a través de mensaxe privada en Instagram ou vía telefónica, segundo

corresponda.

- A entrega dos premios realizarase o **día 30 de decembro** na oficina da Asociación, en \_\_\_\_\_ horario \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ determinar.

## **SEGUNDO SORTEO:**

Participarán todas aquelas persoas que realicen compras nos comercios asociados entre o día 1 de decembro ata o 16 de decembro ambos incluídos e depositen o ticket na urna habilitada en cada comercio, poñendo no reverso do mesmo o seu nome e número de teléfono.

1. Cada compra realizada durante o período promocional dará dereito a depositar o ticket na urna correspondente.
2. O ticket deberá ser orixinal ou copia veraz do mesmo, incluír data, importe e nome do comercio.
3. A recollida dos tickets realizarase entre os días **17 e 18 de decembro**.
4. Os tickets non teñen importe mínimo de compra.

Os premios a sortear nesta campaña consistirán en 5 TARXETAS PREPAGO de ABANCA, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e que as consumidoras que resulten agraciadas, deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente no comercio local participante na mesma e integrado na Asociación Comercio Punto Compostela CCA. Deste xeito cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no pequeno comercio de proximidade.

O número total de tarxetas prepago que se sortearán nesta campaña e os importes respectivos das mesmas, serán os seguintes:

- 5 tarxetas prepago de 100 euros cada unha delas.

O sorteo terá lugar o **19 de decembro ás 12:00 horas**, nas oficinas da Asociación, extrayendo 5 tickets de compra que serán os gañadores e 3 reservas para cada un dos premios.

A participación implica a aceptación íntegra destas bases

Os datos persoais facilitados polos participantes empregaranse exclusivamente para a xestión dos sorteos, conforme á normativa vixente en materia de protección de datos.

A Asociación resérvase o dereito de rexeitar participacións fraudulentas, incompletas ou que incumpran as condicións establecidas.

A Asociación Comercio Punto Compostela en calidade de entidade organizadora, procederá a realizar todos os trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo

de XOGOS, encargándose así mesmo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica.

Estas bases serán depositadas ante NOTARIO, e así mesmo, estarán o dispor de todas as persoas consumidoras interesados en participar e que desexen consultalas, na páxina web [comerciopuntocompostela.es](http://comerciopuntocompostela.es)

De conformidade co disposto no Regulamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016, así como na

normativa estatal de aplicación no seu caso, infórmase que os datos subministrados pola persoa titular

dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado

e confidencial, do que é titular e responsable a entidade ASOCIACIÓN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA CCA, provista de CIF G 70571971, e con domicilio social en Rúa Nova de Abaixo, 4, 15701, Santiago de Compostela; teléfono de contacto 630981257, e mail [puntocompostela@comerciogalicia.es](mailto:puntocompostela@comerciogalicia.es)

Este ficheiro estará depositado e almacenarse na sede da entidade organizadora do sorteo, entidade que cumprirá así mesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o periodo de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Así mesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a ASOCIACIÓN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA CCA, provista de CIF G 70571971, e con domicilio social en Rúa Nova de Abaixo 4, baixo, 15701, Santiago de Compostela; teléfono de contacto 630981257, mail [puntocompostela@comerciogalicia.es](mailto:puntocompostela@comerciogalicia.es), na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercitar. O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de controlen materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

3. A Asociación Comercio Punto Compostela resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade